

**SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2023.**

Dá comezo a xuntanza ás 9:00 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, José Manuel Cifuentes Martínez, Carolina López Gómez, Ana María Porto Castro, Dolores Vilavedra Fernández, José Ángel Fernández Escribano, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Isabel Fraga Carou, Miguel Guisantes Alonso, Juan Manuel Monterroso Montero,

Desculpan asistencia: José Miguel Túniz López, Beatriz Álvarez Díaz, Ángel García Alonso,

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe das alegacións e plan de mellora ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en: Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acordase aprobar a acta da Comisión do día 27/10/2022.

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

- Informar que no mes de outubro o Prof. José Manuel Cifuentes é o novo subdirector d área de ciencias da saúde substituíndo a Juan Zalvide que deixou o cargo por incompatibilidade co seu novo nomeamento de director de departamento. A dirección da EDIUS quere agradecerlle o Prof. Cifuentes que aceptara o cargo e lle consta que vai facer un moi bo traballo como xa fixo anteriormente como membro da Comisión Executiva da EDIUS.
- O proceso de acreditación dos programas de doutoramento está practicamente finalizado. Estamos a la espera dos dous últimos informes de acreditación dos programas en biodiversidade e en conservación do medio natural y PD de medio ambiente e recursos naturais. Desde a EDIUS indicaremoslle á área de Calidade que se poña en contacto coa ACSUG e lémbrelle que estamos pendentes dos devanditos informes por se houbo algún erro ou perda dos mesmos.
- O día 23/12 finalizou o proceso de presentación de alegacións, comentarios, etc á modificación de RD 99/2011. Desde a A escola presentáronse alegacións seguindo as instrucións recibidas, enviando un correo electrónico á dirección indicada polo ministerio. Informar que tal como está redactado o RD non está claro se é un novo

decreto ou unha modificación do existente, imos esperar a ver como queda a redacción final. Espérase que estea aprobado ao longo deste primeiro semestre do ano, xa que de non ser así entraríamos nun período electoral que paralizaría o proceso. Esperemos que certos puntos que quedan difusos na redacción do borrador sexan emendados.

- Esperamos, ao longo deste mes, poder revisar e adaptar os cambios o modelo de memoria para poderllo enviar aos programas de doutoramento que van proceder á súa modificación

3. Informe das alegacións e plan de mellora ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en: Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde

A comisión de calidade acordou informar favorablemente o informe de alegacións presentado polo Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde

4. Asuntos de trámite

- Segundo se indica no punto de informes, o Prof. Manolo Cifuentes foi nomeado subdirector da área de ciencias da saúde polo que é necesario nomear un novo coordinador do programa de doutoramento na área que o substitúa como membro da comisión de calidade. A proposta da dirección é nomear ao Prof. Agustín Montes.

A comisión de calidade informa favorablemente a proposta da dirección.

5. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 9:25 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/02/2023 13:41:54.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 13/02/2023 13:18:04.

CSV: 8461-3275-4890-BAFC